

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 35-Novembro 2023

Publicación gratuita

Colle unha!

ZËNZAR
SILVIA PENIDE
DIOIVO
BARBARIAN PROPHECIES

TÁLES IEN
MANO DE PIEDRA
BLOODHUNTER
LÓSTREGOS

RAZE
SCENT OF DEATH
MONDO PODRE
INFRAHUMANO

35 aniversario

ZËNZAR



Zënzar celebra na Sala Capitol o seu 35 aniversario

Cita en Santiago, o 23 de decembro

A banda cercedense Zënzar é nada menos que a formación en activo que máis anos ininterrompidos leva facendo rock en galego, acumulando xa 35 dende o seu debut. Ou, como eles mesmos din, “35 anos bourando”, en referencia ao mítico tema incluído na súa cinta Fascinados polo Prohibido e o seu primeiro CD Disparados ao Futuro. A primeira aliñación da banda, daquela co nome Mördor, estaba integrada naqueles primeiros anos por Manuel Silveira, Manolo García, Xosé Antón Bocixa, Luís Gómez, Jose Antonio Regueiro “Tabé” e Manuel Jesús. A estrea ao vivoda banda foi concretamente o día 23 de decembro de 1988 no pub Non Sei, na Silva. De aí que esta sexa precisamente a data escollida para a festa de aniversario na compostelá Sala Capitol neste ano 2023. Para tal ocasión, estarán rodeados de case unha ducia de amizades que estarán presentes en varios temas, dende os máis clásicos ata os máis novos.

Zënzar comeza así a celebrar tan destacado aniversario. Pero o concerto na Capitol non será o

único, nin é a única cousa que están a preparar: a finais de novembro publicarán o videoclip do tema inédito “Non é casual”, mentres que a súa baixista, a ilustradora Laura Romero, avanza no que será o libro ilustrado sobre a historia da banda. Unha publicación que verá a luz en marzo, e na que converxen decenas de voces que retratan e achegan unha historia que comeza no 1976 e que aínda hoxe está viva, sobre a contracultura nun recuncho da xeografía galega que foi sempre fértil para o rock e o punk galegos. Porque Zënzar son a banda decana da escena da comarca de Ordes, que, como xa temos dito varias veces nas nosas páxinas, ten dado lugar a moitos dos grupos máis destacados do país, en particular no ámbito da música en galego. E membros de varios deles se contarán entre os colaboradores que participarán no concerto.

As persoas que conforman Zënzar na actualidade son os membros fundadores Manolo García

cía á batería e Bocixa á voz, xunto a Mario Grela á guitarra e coros, Paco Cerdeira “Pakolas” tamén á guitarra e coros, e Laura Romero ao baixo. Xunto a eles subirán ao escenario da Capitol artistas tan senlleiros como Vituco de Ruxe Ruxe, Xenderal, Mario César Vila de Túzaros ou InVivo entre outros, Soneira de Kastomä, Zeltia Irevire, Martín e Gonzalo de Machina, Mou de Dios Ke Te Crew (outra banda da comarca que celebrará axiña na Capitol o seu 20 aniversario), Ares de Os do Xalo, O Reverendo, Miguel Duarte, e mais o ex-membro fundador da banda cercedense Manuel Silveira. Varios destes artistas e moitos máis participarán xa en 2013 na recompilación Vai polos Padriños: Tributo aos 25 Anos de Zënzar, cuxo título referencia o estatuto da banda de “padriños” do rock en galego.

O evento está organizado pola promotora Plancto Xestión Cultural, liderada por Amós Varela, exba-

tería de Nao. Esta conta na súa lista de artistas con boa parte dos nomes galegos máis destacados de escenas como as do rock alternativo, o punk ou o metal na nosa lingua. As entradas para o evento están xa dispoñibles en formato dixital na web www.ticketandroll.com e en formato físico en diversos puntos de Ordes, Cerceda, Carral e Compostela. Pódese atopar máis información sobre os puntos de venda e outros detalles sobre o concerto na web da banda www.zenzar.info

A historia de Mördor e Zënzar comeza, como tal, algo antes de 1988. Concretamente, no outono de 1987 na parroquia cercedense de Meirama. A primeira canción que todos acordaron para dar as súas primeiras notas, relatan na súa web, fora unha versión de “Jumpin’ jack flash”, dos Rolling Stones, cantada en castelán. As primeiras composicións propias foron “Fuera de lugar” e máis “Cousa Branca”, que posteriormente aparecería no álbum de 2002 Rocanrol. Despois dese primeiro concerto no Non Sei da aldea cercedense da Silva, tocarían tamén no Picolinos de Cerceda, na Discoteca Plató da Laracha, ou no 1º Festival Rock de Meirama, semente do que logo sería o mítico Festival de Cerceda.

Desa etapa destaca unha gravación que se fixo dunha actuación en Meirama en marzo do 1990, non tanto pola calidade da mesma (xa que fora feita cunha gravadora portátil), senón pola súa condición de documento histórico, pois é a única gra-



vación da banda en formato sexteto. Nela pódense escoitar as primeiras cancións do grupo, tanto as propias coma as versións para completar repertorio: “Tiempos nuevos” de Ilegales, “La chica de ayer” de Nacha Pop, “Lucille” de Little Richard, “Flor de luna” de Santana, etc. Nada que ver, admiten, co camiño tomado máis tarde polo grupo.

A finais do 1992, nos Estudios Pirámide da Coruña, Mördor grava a súa primeira maqueta de estudio, co título Contos e Lendas de Terra Adentro. Esta inclúe cinco temas que hoxe son clásicos no repertorio de Zënzar. Estreáronse xa cunha portada polémica, pois nela víase á policía local de Cerceda perseguindo uns ladróns no seu famoso Mercedes. Ao ano seguinte, logo de rebautizar ao grupo como Zënzar por motivos legais, aparecen dous temas seus no vinilo Rock na Costa da Morte, recompilación onde participan seis bandas da zona: Desertores do Arado, Impresentables, La Crema, Troleblues, Malavida e Zënzar, das cales só estes seguen en activo.

En 1995 editan a súa segunda maqueta, Fascinados polo Prohibido, composta de oito temas. Nela aparece xa con claridade o estilo que caracterizará a Zënzar nesta etapa, que vai dende o punk rock e o heavy metal máis clásicos ata o hardcore punk e mesmo o crossover thrash en ocasións. E, por suposto, con letras en galego. Isto os entronca con outros pioneiros do hardcore e o metal en galego da época, como Desvirgheitors, Mala Oxtia, Túzaros ou Mol, pero cun estilo algo menos extremo e relativamente único na escena. Nesta época dan dous concertos con Extremoduro, e tamén con outras míticas bandas estatais como Platero y Tú, Boikot, Manolo Kabezabolou ou Barón Rojo.

No 1997 ve a luz o seu primeiro álbum en CD, Disparados ó futuro, composto por doce temas gravados nos Estudios Fussión de Vigo con Xavier Abreu aos mandos. Un destes foi precisamente “Bourando”, que lle da nome a este concerto polo 35º aniversario. Zënzar reafirmase neste disco na liña marcada pola anterior maqueta, e nel predominan, como



remataría por ser marca da casa, as letras combativas e de denuncia social, sobre temas como a contaminación, as drogas ou a oposición ao servizo militar. O grupo fai unha extensa xira de presentación que se prolonga nos dous anos seguintes, da que destaca a participación en festivais como o primeiro Alén Galicia na Illa de Arousa ou o primeiro Santi Rock en Compostela. Colaboran ademais en dúas recompilacións: Bambán Vol. II e Oito anos de Sequestros, esta última en solidariedade cos presos independentistas galegos. Entra nesta época na banda o guitarrista Mario Grela.

En 2001 sae á luz o segundo disco de longa duración da banda, unha autoprodución tamén gravada

nos estudos de Xavier Abreu baixo o título de Todo Vai Ben. Destaca a inclusión por primeira vez, en dous temas, de instrumentos tradicionais, como a gaita de Xan Papaqueixos en “Todos me quieren” e o acordeón de Rómulo Sanjurjo dos Diplomáticos do Monte Alto en “A banda do coche encarnado”. Nada máis saír o disco á rúa, a banda comeza a xira máis longa da súa existencia, dando corenta concertos de xeito totalmente autoxestionado. No ano 2002 Zënzar saca o disco Rockanroll, gravado nos estudos Bonhan de A Coruña, no que fan un percorrido por temas inéditos rescatados dos inicios da banda. Destacan nesta época a súa primeira incursión en Madrid, na Sala Siroco, ou os dous concertos so-

lidarios pola traxedia do Prestige, no pub A Roda, de Malpica e no Discopub Non Sei de Cerceda.

Posteriormente, Manuel Silveira abandonaría a banda, e co lanzamento de Sigue e dalle en 2006, consolidárase o novo son do grupo, moito máis cercano ao punk rock e sen a influencia metal dos seus inicios, da que Silveira era parcialmente responsable. O disco foi gravado por Xavier Abreu no Estudio Océano de Nigrán, e inclúe tamén un DVD con contido diverso: videos, entrevistas, fotos, letras, rarezas, etc. Colaborou no álbum o guitarrista Paco Cerdeira, que posteriormente se convertería en membro oficial do grupo. O 2009, pola súa banda é o ano da publicación de A Tribu, de novo gra-

vado por Abreu nos Océano. Nel colaboraron Xurxo Souto, Vituco Neira, Gende Beat, Pablo Dalama de Mamá Cabra, Sés, Manolo Suárez, David Bolaño, José Ares e o Reverendo Javier Pardeiro. Este disco presentouse no Festival de Cerceda de maio dese mesmo ano, e tamén no Karraskal Rock en Zamáns xunto a Rosendo, no Arreaocabo en Celeiro xunto a Segismundo Toxicómano, no Grelo Folk en Monfero xunto a Ultraqäns, ou no Galle-rock en Ribeira.

En decembro de 2011 publican o DVD Zënzar ao vivo, cunha selección de cancións extraídas do concerto que deu a banda no Festival de Cerceda en 2009. Fan dous concertos para presentar este traballo audiovisual, un na Taberna de Cerceda, en formato acústico por primeira vez

na historia do grupo, e outro na sala Badulake de Ordes, con todos os colaboradores que aparecen no DVD, reafirmando a sempre presente tendencia do grupo de colaborar con outros artistas galegos. Este concerto serviu de despedida para o mítico local, que pecharía as súas portas un mes máis tarde.

Chegado o 2012 publican o seu sexto álbum, Vaise Armar, presentado nun concerto na sala Josfer do Mesón do Vento e posteriormente en festivais como o Derrame Rock ou o Brincadeira. Tamén na Josfer presentarían o seu seguinte álbum, Camiñando entre serpes, que saíu no 2015 e no que de novo contaron con múltiples colaboracións e con Xavier Abreu aos mandos, esta vez, do estudio Escola da Rúa de Carballo. Ao

ano seguinte entraría na formación a actual baixista Laura Romero, pouco antes do falecemento do membro fundador Tabe. A principios do 2017 celebran o primeiro concerto homenaxe en memoria do baixista, cunha sala Malatesta de Santiago abarrotada para lembrar o seu legado.

Os de Cerceda continuarían nos anos seguintes coa súa apretada axenda de concertos, e a principios de 2020 lanzan o que ata o momento é o seu último traballo, Benvidas ó futuro, gravado por Roi Gil. Neste disco, que referencia o título do seu primeiro CD, o grupo mantén as letras sobre medio ambiente, loitas sociais e demais temáticas reivindicativas presentes dende aqueles primeiros traballos, demostrando que aquel futuro que se soñaba nos

anos 90 non é moi distinto a aquela época. De feito, boa parte dos temas do disco son revisións de temas anteriores, como “A culpa foi de Leño”, elixida para un dos dous videoclips que saíron deste disco xunto á nova composición “Standing rock”.

Como se pode apreciar, estes 35 anos de historia de Zënzar deron para moito, e facerlles xustiza sobre un escenario nunha festa de aniversario é todo un desafío. Pero os de Cerceda son unha das bandas máis duradeiras do panorama galego por algo, e estamos convencidos de que a do 23 de decembro na Capitol vai ser verdadeiramente unha noite para a lembranza. Perfecta para ir abrindo boca de cara a eses novos traballos que teñen en camiño. E que sexan outros 35 anos máis!



SPRINT MOTOR

A actualidade do motor



Silvia Penide publica o sinxelo «Reventaba», con Mercedes Ferrer

A cantautora arteixá Silvia Penide lanzou o pasado día 10 de novembro o seu novo sinxelo, «Reventaba», nas principais plataformas dixitais. Esta canción, cuxa versión orixinal aparece no seu disco de 2007 Desafinante crónica, é agora reinterpretada coa compañía dunha das voces máis destacadas do rock español dende os anos oitenta, a da cantante e compositora madrileña Mercedes Ferrer. No tema pódese apreciar o estilo pop rock independente da de Arteixo, acompañada dunha banda completa en contraposición a outras cancións máis puramente acústicas que forman parte da súa dilatada discografía.

«Poder contar con ela para revisar e visitar esta canción, quince anos despois, foi un agasallo, xa que Mercedes Ferrer é unha artista imprescindible», apunta Penide. «Reventaba» é o segundo sinxelo que se pode escoitar, en plataformas dixitais do novo traballo discográfico da creadora galega Mientras dura el aplauso. O primeiro foi «El salto», con Guadi Galego, publicado simultaneamente ao álbum o o pasado 26 de xullo. O disco completo está unicamente dispoñible en formato físico, nun vinilo branco coas súas 250 acopias numeradas a man pola propia compositora. Este traballo recolle algúns dos grandes éxitos da carreira musical da artista, ademais dun tema inédito, «El colchón y el diván». O lanzamento de «Reventaba» chega tamén acompañado dunha versión en acústico, unicamente con guitarra e voz, de «Ni tu ni nadie» de Alaska y Dinarama, un dos temas preferidos de autora como ela mesma explica. A peza xa foi interpretada pola artista nalgúns dos seus directos, e é lanzado a xeito de «agasallo» da cantautora para as súas seguidoras e seguidores máis fieis.

Co lanzamento de Mientras dura

el aplauso, Silvia Penide celebrou este ano 2023 as súas dúas décadas dende o lanzamento do seu primeiro álbum. Esta nova recompilación, mesturada e masterizada por Arturo Vaqueiro, destaca ademais por ser o primeiro lanzamento en vinilo da artista na súa traxectoria. Para tal ocasión, Penide rodeouse de grandes voces da escena musical galega e estatal. Así, temas dos seus anteriores traballos discográficos, como «Reventaba», «El efecto boomerang» ou «Descredo» contan agora con colaboracións tan destacadas como son as de Mercedes Ferrer, Víctor Manuel ou Javier Álvarez, respectivamente. No novo LP, Penide comparte tamén as súas cancións con Eladio Santos, Ugía Pedreira, Félix Arias, Andrés Suárez ou Guadi Galego. O disco está dispoñible en diversas tendas de Arteixo, A Coruña, Santiago, Vigo e Madrid. Tamén se pode adquirir a través da web da artista, <http://www.silviapenide.com>

Outro dos temas máis destacados de Mientras dura el aplauso es «Diferentes Direfenzas», tema que nace do libro infantil homónimo escrito por Silvia Penide e que neste caso conta coa colaboración, nos coros, de membros da asociación de enfermidades raras e epilepsia West Galicia e do alumnado do CEIP Novo Mesoiro da Coruña. O disco foi presentado ante a prensa no coruñés Café Doré, e posteriormente ao vivo en festivais e salas de Boimorto, A Coruña, Barcelona, Pontevedra, Sevilla ou Arteixo. O concerto en Pontevedra foi particularmente destacado por coincidir co Día Internacional da Lingua de Signos, ocasión pola que a cantautora estivo acompañada no escenario non só pola súa banda ao completo, senón tamén por unha intérprete que traduciu as súas letras e as súas interaccións co público a esta linguaxe.



Silvia Penide comezou tocar a guitarra con 14 anos, e axiña empezou compoñer. En 1997 autoeditou a súa primeira maqueta, Alicerce, e repetiu o formato con Azul en 1999 e Mundo de cuerdos en 2001. En 2003 chegou o seu primeiro álbum de estudio completo, Kilómetros, ao que lle seguirían Invisible en 2005 e Desafinante Crónica en 2007. Pouco a pouco, comeza a trasladar a súa proposta ao vivo non só por toda a península, senón tamén por Croacia, Italia, Eslovenia, Portugal ou Alemania. En 2010 chegaría o EP Las Erres Dobles, e en 2012 o álbum Animal de Compañía. Compartiría escenario con artistas como La Fuga, Los Secretos, Annie B. Sweet, Mäbu ou Mercedes Peón.

En 2016 estrea Todo pintado de

plata, e consegue o Premio Martín Codax na categoría Pop/Indie, na que xa estivera nominada anteriormente e que volvería gañar posteriormente. Paralelamente, non deixa de xirar, tocando en espazos como Paseantes, O mar nunha flor, Os Xoves de Códax, o Atlantic Fest ou os Xoves de música no Teatro Colón da Coruña. Antes de lanzar a compilación Mientras dura el aplauso, os últimos traballos de estudio de Penide foron El efecto boomerang en 2018 e Los días de plomo en 2021. Ademais, a artista arteixá foi a responsable tamén da banda sonora da curtametraxe de Olaia Sendón Os fabulosos irmáns da luz (2008) xunto con Alejandro Masafret, e tamén da do documental da mesma autora Kauflanders (2016).



No Pub Transylvania de Vigo

Dioivo presenta en directo o seu novo álbum Cara os Ceios Incrementes

O dúo vigués de metal en galego Dioivo presentará ao vivo o seu novo álbum *Cara os Ceios Incrementes* na súa cidade natal o vindeiro día 23 de decembro, sábado. Esta data vén culminar a serie de concertos que o grupo formado en 2016 está a realizar co seu novo traballo baixo o brazo, que os levou por Palma, Madrid, Salceda de Caselas, Sarria e A Coruña. Non podería ser noutro sitio que no Pub Transylvania de Vigo, no que levan máis de nove anos tocando e que consideran xa “a súa segunda casa”.

Este concerto será moi especial para o grupo por diversas razóns. Por unha banda, porque nel estarán acompañados da nova formación de punk rock viguesa Karracho, unha das agrupacións máis destacadas da máis nova xeración de artistas da cidade, e polo conxunto de speed/thrash metal segoviano Mortal Maze. Con estes últimos xa coincidiron en 2018 no escenario do Mortal Fest de Segovia, polo que o dúo galego xa ten moitas ganas de tocar de novo con este cuarteto formado en 2016. Os segovianos visitarán Vigo por primeira vez, e presentarán no concerto o seu álbum homónimo lanzado en 2021.

Por outra banda, o concerto de presentación de *Cara os Ceios Incrementes* no Transylvania está marcado a lume no calendario de Dioivo porque nel contarán con diversas colaboracións de diferentes artistas da escena viguesa. Os seus nomes serán anunciados proximamente pola banda nas súas redes sociais. O dúo acostuma a contar con colaboradores tanto en concertos, nos que xa teñen contado por exemplo coa axuda de membros de bandas como Mileth, Lóstregos, Sulf-Atär, Infrahumano ou Gracias por Nada, como no estudio. Cancións como “Retorno a Tagen Ata”, baseada na novela homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín e que conta coa parti-

cipación do propio autor, ou a súa versión de “Unha de guerra” de Desvirgheitors coa colaboración da baixista fundadora desta banda, Pili Dios, así o atestiguan.

O concerto conta con diversas entidades colaboradoras. Concretamente, cos colectivos metaleiros da cidade Musik Attack, Raposos Crew, Metal Nostrum Metal & Hard Rock, Vigo Rock Crew e Vigo Metalheads, así como coas estatais Spanish Thrash Metal Brotherhood e Asalto Ma t a

Radio Rock. As entradas anticipadas para o evento teñen un prezo de 5€, e poden conseguirse contactando coas bandas a través das súas redes sociais. Tamén haberá entradas dispoñibles na billeteira o propio día do concerto, a un prezo de 7€. As portas da sala abrirán ás 21:00.

O dúo vigués vén de participar no festival Extreme Division Mallorca, en Palma, no que interpretaron a súa música por primeira vez nas Illas Balears ante un público de centos de persoas. Neste festival participaron así mesmo bandas tan destacadas como o veterano trío estadounidense Master, a barcelonesa Vidres a la Sang, a asturiana Totengott ou as mallorquinas Trallery, Marasme e Unicornium. De camiño, Dioivo fixo tamén unha parada en Madrid, onde actuaron na sala Entre Darts Rock de Carabanchel xunto aos locais Helix Nebula e Southgate.

Anteriormente, o grupo xa presentou *Cara os Ceios Incrementes* en varias salas de Galicia. Concretamente, na Sala Filomatic de Coruña xunto a Portofranco e Lost Minnow, na ACDE Buril de Sarria xunto a Mutualistas e Aneuma, e no Centro Social O Matadoiro da ACDE Treze Ca torze de Salceda de Caselas xunto a Elefantes Mutilados. Os vi-



TUC
SHO

gueses anunciarán próximamente novas datas de concertos para o vindeiro ano 2024, nas que continuarán a presentar a súa nova música, nas súas redes sociais.

Cara os Ceios Incrementes foi lanzado no pasado mes de xuño pola discográfica independente grega Sleazy Rider Records, especializada en música metal. O álbum incluíu cancións como "Cabeiros" ou as adaptacións literarias "Que importa que nos craven as cadeas" e "Hai sede na Nova Galicia", que musicalizan os poemas homónimos de Darío Xohán Cabana e Florencio Delgado Gurriarán respectivamente. Estes tres temas viñeron acompañados dos seus correspondentes videoclips, realizados respectivamente por Brais Gómez Salvador, Emilia Vidal-Hallett e YOD Multimedia.

Ademais deste novo álbum, Dioivo presentará tamén sobre as táboas do Transylvania o seu último sinxelo "Por 100 anos máis". Este tema está adicado ao Celta de Vigo polo centenario da fundación do club, e foi lanzado o pasado día 17 de setembro, coincidindo co cabodano da lenda celeste Hermita e co día seguinte ao 20 aniversario da estrea do equipo vigués en Champions. A canción, que se suma á longa lista de obras musicais realizadas para conmemorar esta efeméride liderada por "Oliveira dos Cent Anos" de C. Tangana, contou tamén cun videoclip realizado polo seu colaborador habitual Brais Gómez Salvador. Sumouse así á xa ampla discografía dos vigueses, que contan no seu haber con outro álbum de estudio, Dioivo II (2019), cos EPs Dioivo (2016) e Dioivo III (2021), e con diversas maquetas e sinxelos.

The poster is for a live performance of the band Dioivo. At the top, there is a logo featuring a star inside a gear. Below this, the band's name "DIOIVO" is written in a large, white, serif font. Underneath the band name, it says "PRESENTANDO O SEU NOVO TRABALLO 'CARA OS CEIOS INCREMENTES'" in a smaller, white, sans-serif font. The main title of the album, "MORTALITY MAZE", is written in a large, white, stylized, jagged font. Below the title, there is a graphic of a beetle. The background of the poster is dark and textured. At the bottom, the date "23 - DECEMBRO - 2023" is written in a large, white, sans-serif font. Below the date, the venue "PUB TRANSYLVANIA" is written in a smaller, white, sans-serif font, followed by the address "(RÚA ROGELIO ABALDE, 16) VIGO". Below the address, the ticket information "APERTURA: 21:00 - ANTICIPADA: 5€ - BILLETEIRA: 7€" is written in a white, sans-serif font. At the very bottom, there are several logos of sponsors or partners, including "MUSIK", "RAPOSOS CREW", "METAL NOSTRUM", "SPANISH THRASH METAL BROTHERHOOD", "VIGO ROCK", "Metalheads", and "AMSK".

Barbarian Prophecies ten novo videoclip e EP



O vindeiro día 1 de decembro, venres, o cuarteto lucense de death metal melódico Barbarian Prophecies estreará un novo tema e videoclip, titulado “December”. O vídeo foi gravado polos colaboradores habituais da banda 60 Ráfagas Estudio no que definen como “o local máis emblemático de Lugo”: a ACDE Buri de Sarria, onde ten lugar habitualmente o Napalm Fest impulsado pola banda entre outros moitos concertos. Para a súa gravación contaron coa participación de “moitos amigo e amigas da escena e entusiastas do metal underground”.

“Con este clip queremos celebrar os 24 anos da banda, que se cumpren en xaneiro, e tamén anunciar a saída dun novo EP” que terá tamén o título de December, anunciou recentemente a banda nas súas redes sociais. Este novo traballo incluírá “unha versión exclusiva” do tema do novo videoclip, mesturada e masterizada, como é habitual no cuarteto, por Iván Ferro (Ictus, Khmer, Negarte) en Kollapse Studio. Tamén conterà o EP as diferentes versións que o grupo foi presentando nos últimos meses.

Estas versións foron dende o “Déjalo” da mítica banda lucense de heavy metal Épsilon, versionado en galego como parte da compilación Ferro e pedra: homenaxe ós precursores lanzada no pasado Día das Letras

Galegas xunto a outras 9 bandas, ata o “Message in a Bottle” de The Police, pasando polo tamén clásico “Detroit rock city” de Kiss. Esta última versión foi parte tamén dunha recompilación, neste caso un tributo death metal á célebre banda americana. Foi titulado Hotter than hell, colder than death: a death metal tribute to Kiss e editado en 2022 por un dos selos que habitualmente edita o traballo dos de Lugo, o estatal Base Record Production liderado polo prolífico Gaspar del Valle Marco.

O grupo anuncia así mesmo “unha reedición do noso último álbum Horizon, actualmente esgotado, e máis sorpresas”. Todo isto “baixo o apoio do noso amigo Gaspar de Base Record Production”, selo que xa está a aceptar preorders desta futura edición limitada. Paralelamente a estes anuncios, o grupo segue co seu incansable ritmo de directos. Recentemente estiveron en Portugal, e o sábado 25 de novembro estarán no festival Dark Eargasm en El Prat de Llobregat xunto a Vidres a la Sang, Moonloop, Adrift, Litost e Jade. A fin de semana do 1 e o 2 de decembro, mentres sae o novo vídeo, tocarán xunto a Elitium e Brutal Fly en Sarria e en Xixón respectivamente, e o 16 de decembro acudirán á Coruña para compartir escenario con Northslave e Kuna de Odio.



El Taller 
de MaruSana
TIENDA TALLER

CURSOS

MANUALIDADES Y RESTAURACIÓN

PINTURA EN TELA

DIBUJO Y PINTURA

PINTURA AL ÓLEO, ACUARELA, ACRÍLICO, PASTEL
DIBUJO A LÁPIZ, CARBONCILLO, LÁPICES
ACUARELABLES, CÓMICS Y MANGA

COSTURA Y LABORES

CALCETA, GANCHILLO, PUNTO CRUZ,
BORDADO, VAINICA, ENCAJE DE BOLILLOS
AMIGURUMIS • FIELTRO • PATCHWORK

TAPICERÍA

ARTE FLORAL

**TALLERES ESPECIALES DE PINTURA Y
MANUALIDADES PARA NIÑ@S DE TODAS LAS EDADES
CURSOS INTENSIVOS EN FIN DE SEMANA**

NUEVA DIRECCIÓN

REPÚBLICA ARGENTINA 42 - BAJO

MÁS INFORMACIÓN

móvil / whatsapp 678 64 10 92 | 881 81 90 80

WWW.ELTALLERDEMARUSANA.COM



Tálesien, Mano de Piedra, Lóstregos e Bloodhunter, a representación galega no



O Ghallaecia Metalfest regresa xa esta semana coa súa segunda edición, que terá lugar, como xa vos contamos anteriormente nas nosas páxinas, o sábado 25 de novembro de 2023. A cita comezará a partir das 18:30 horas na Sala Rebullón da parroquia mosense de Tameiga. Esta produción conxunta do portugués SOS Heavy Metal Radio Show e o podcast galego Galiza Metálica, ambos programas emitidos a través da emisora autonómica Rádio Bracarense Antena Minho (106.0 FM), é o único festival dedicado exclusivamente ás bandas de metal do territorio da antiga Gallaecia Romana, contribuindo a fomentar conexións musicais aínda máis profundas entre ambas as beiras do río Miño.

O cartaz completo do evento está formado polos galegos Bloodhunter (A Coruña), Lóstregos (A Coruña), Mano de Piedra (Vigo) e Tálesien (A Laracha), e tamén polos portugueses Moonshade (Porto), Hunted Scriptum (Braga) e Music in Low Frequencies (Braga). As entradas anticipadas están á venda por 15 euros en <https://vivetix.com/entradas-ghallaecia-metalfest-dyjj> e na billeteira estarán dispoñibles o propio día do evento a 20€. Nas redes sociais do festival e dos seus programas impulsores compártese a cotío toda a información sobre esta data tan sinalada para o metal galego e portugués.

Tálesien son unha banda de power metal progresivo fundada na Laracha a finais dos anos noventa baixo

o nome de Kraken. Son, polo tanto unha das formacións galegas de metal en activo máis veteranas, e teñen catro álbums de estudio e dous EPs no seu haber para atestigualo. O seu último disco é un álbum homónimo lanzado en 2016 por Suspiria Records, pero neste momento están traballando na súa continuación, da que xa teñen lanzado un adelanto: o sinxelo “Obsesión”, que veu á luz o pasado ano 2021 acompañado do seu correspondente videoclip. Ao longo da súa longa traxectoria teñen dado innumerables conciertos acompañando a moitos dos máis recoñecidos nomes do metal internacional.

Mano de Piedra, por outra banda, naceron en 2016 en Vigo, aínda que os seus catro membros proceden

dunha variedade de destacadas bandas da zona, como Supa Scoopa, Sem Resposta, N.O.T., Carcomedhi ou In.Verno. O seu estilo incorpora influencias do stoner metal, do sludge ou do groove metal. Isto pódese apreciar no seu EP homónimo de 2017 e no seu álbum Today’s ashes de 2019, con temas como “Ancient gods” ou “We are sickness”. Son un nome habitual en salas e festivais de toda Galicia.

Lóstregos, que xa teñen aparecido numerosas veces nas páxinas da nosa revista, son, pola súa banda, unha agrupación de black metal nacida no ano 2014 na Coruña. Un dos nomes máis relevantes do metal extremo en lingua galega, teñen tres lanzamentos nas rúas: o EP de 2016

Mano de Piedra



Lóstregos



Alzamento no norte, o álbum de 2017 Lendas baixo o luar, e o álbum de 2021 Onde calan os corazóns, ruken as pedras. Ademais, participaron en 2019 na recompilación tributo a Bathory Lords of the north co tema “Un bo día pra morrer”, versión do “A fine day to day” dos suecos. Esta última canción foi incluída como tema extra na recente reedición de Alzamento no norte, por primeira vez en vinilo a cargo do selo estatal Vertebrae.

Tamén naceron na Coruña os cabezas de cartaz do festival, Bloodhunter. A pesar de que a banda está actualmente radicada en Madrid, foi co selo galego Suspiria Records con quen lanzaron o seu primeiro álbum, tamén chamado Bloodhunter, en 2014. O quinteto liderado pola vocalista Diva Satánica e o guitarrista Dani Arcos pasaría logo ao selo español Xtream Music para lanzar The end of faith en 2017, e posteriormente a Maldito Records para Knowledge was the price (2022). Polo camiño, teñense convertido nunha das bandas de metal estatais actuais máis recoñecidas internacionalmente, e demostrarán por que sobre o escenario da sala Rebullón este sábado.



Tálesien



Scent of Death, Infrahumano “unidos na brutalidade” na S



A viguesa Sala Masterclub acollerá, o vindeiro día 2 de decembro, o festival United in Brutality, que xuntará a catro destacadas bandas de metal extremo galegas. Scent of Death, Infrahumano, Mondo Podre e Raze conforman un cartel que recolle a gran variedade da música extrema ao longo de todo o país, dende o thrash metal ata o brutal death metal técnico. A entrada ten un prezo único de 18€, e as portas da Master abriranse ás 20:30 dese sábado 2 de decembro para posteriormente dar comezo ao festival ás 21:00. Colaboran co evento o bar rockeiro Revolver e o estudio de tatuaxe Maury Dark Arts. De feito, a compra da entrada da dereito a participar no sorteo de 5 packs de CDs e máis dunha tatuaxe a cargo do citado estudio.


Scent of Death son a banda que

encabeza o cartaz, facendo honra aos seus 25 anos de traxectoria. Dende a súa fundación en Ourense en 1998, a banda ten lanzado os traballos *Entangled in hate* (2002), *Woven in the book of hate* (2005), *Of martyr's agony and hate* (2012) e o seu último álbum *Into everlasting hate* (2023), en cuxa xira de presentación están inmersos. Porán o broche de ouro ao festival co seu brutal death metal despiadado á vez que técnico. Xa visitaron as terras bañadas pola ría de Vigo recentemente, en verán, coa súa participación no festival Kanekas de Cangas do Morrazo, pero esta vez será a ocasión para que os vigueses poidan ver en acción ao recién chegado novo vocalista da banda. Este non é outro que Marcos Vortex, da banda viguesa de death metal melódico Agónica.

O cuarteto de death metal Infrahu-

mano, por outra banda, fundouse en Vigo en 2014, e contan no seu haber co álbum de 2019 *Echoes of decay* entre outros lanzamentos. Mondo Podre, mentres tanto, ten aos seus catro membros actuais repartidos por Vigo, Ourense e A Coruña, e no seu recente álbum *Necronomía de Subexistencia* (2022) demostran a súa particular aproximación ao grindcore, na que tamén ten cabida, por suposto, unha boa dose de death metal. A contraparte a tanto death a pon o cuarteto coruñés de thrash metal Raze, fundado en 2007 e que conta con diversos traballos discográficos editados, entre os que destaca o álbum de 2015 *Mankind's heritage*. Nas catro bandas atopamos, ademais, membros de infinidade de agrupacións destacadas da escena, polo que o evento será unha festa do metal galego en toda regra.

Marcos Vortex,
novo vocalista
de Scent of Death



, Mondo Podre e Raze, a la Master de Vigo



Raze nun selfie

KANERAS



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímo-lo cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímo-la mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com